



AS ÁRBORES DO NOSO CONTORNO



AS ÁRBORES DO NOSO CONTORNO



Indice

1. As árbores do noso contorno4
2. Actividades educativas11
 - 2.1. Orientacións para os profesores/educadores
 - 2.2. Proposta de actividades



1. AS ÁRBORES DO NOSO CONTORNO



SEN ÁRBORES NON HABERÍA VIDA



Sen árbores non sería posible a vida.

O lugar en que vivimos, as paisaxes de que gozamos, o planeta Terra non serían posibles sen a presenza das árbores. As árbores desempeñan un papel indispensable no funcionamento dos ecosistemas terrestres. Sen árbores non sería posible a vida.

Algunhas das funcións máis salientables que cumpren as árbores son as seguintes:

- Melloran a calidade do aire, absorbindo o CO₂ e outros contaminantes.
- Moderan as condicións climáticas, suavizando as temperaturas extremas.
- Axudan á fixación dos solos, evitando a súa perda.
- Albergan outras formas de vida: liques, aves, insectos...
- ...



GALICIA, TERRA DE CARBALLOS

E agora que xa sabemos da importancia das árbores, imos centrarnos no noso territorio.

Durante moitos anos a maioría do territorio galego estivo cuberto por grandes extensións de carballos e outras árbores autóctonas (faias, bidueiros...). Co paso do tempo, o ser humano foi tallando moitas zonas para poder asentarse e vivir.

Cando falamos de árbores autóctonas, referímonos a árbores propias dun lugar.

Dende a época medieval, e sobre todo nos séculos XIX e XX, foron introducidas outras especies arbóreas alóctonas ou foráneas que nalgún caso se adaptaron axeitadamente e noutros provocaron problemas e impactos ambientais.

Quizais unha das árbores foráneas con máis representación en Galicia sexa o eucalipto, pois trátase dunha especie invasora que prexudica o normal desenvolvemento das outras especies vexetais.

Pero, sen ningunha dúbida, o principal problema que teñen os montes e bosques galegos son os incendios, que todos os anos arrasan grandes extensións arbóreas.

Por todo isto, é moi necesario que lles deamos aos montes o valor que merecen e, sobre todo, que os coidemos e respectemos.

vexetación mediterránea, oriental, das Antípodas, ...

E EN CULLEREDO, QUE PASA?

No concello de Culleredo aínda podemos atopar bosques de árbores autóctonas, como son as carballeiras, os soutos ou os bosques de ribeiras.



Xardín botánico de Culleredo.

Pero, se temos interese polas árbores, non podemos deixar de visitar o Xardín Botánico - Aula da Natureza Juan Lembeye. Neste xardín botánico atoparemos mostras de todo tipo de árbores e plantas, dende as propias dos bosques atlánticos ata especies introducidas en Galicia pero características doutras rexións da Península e do mundo: vexetación mediterránea, oriental, das Antípodas...

COMO IDENTIFICAR AS ÁRBORES?

Unha boa forma de saber que árbore temos diante é estudar o tipo de follas que ten. Seguindo unha clave moi sinxela, podes identificar calquera árbore.

Antes de nada é necesario coñecer os diferentes tipos de follas(Consultar ficha en páxina 18)



guías de árbores de Galicia

COMO SABER MÁIS DAS ÁRBORES?

Todo o que se coñece de cada árbore está reflectido en guías de flora. Algunhas son específicas sobre árbores, outras recollen información sobre todos os vexetais... Existe unha gran variedade.

Podedes atopalas en calquera librería ou biblioteca.

De todos os xeitos, neste caderno podedes encontrar fichas informativas dalgunhas das especies máis senlleiras do concello de Culleredo e da comarca das Mariñas.

En cada ficha ofrécesenos información tan relevante como o nome en galego, en castelán, o nome científico, as características principais da especie, os usos e aplicacións, a etnografía asociada...



Biblioteca

Carballo

Nome científico: *Quercus robur*

Nome castelán: Roble

Características:

- Follas caedizas, simples, alternas, membranosas e lobuladas.
- Cortiza agrisada.
- O froito é un aquenio ovoide. Recibe o nome de landra ou belota. Madura en setembro.

Hábitat:

- Habita en bosques caducifolios, en terreos profundos, frescos e soltos.

Aplicacións:

- A madeira é moi utilizada en construción naval, fabricación de travesas de ferrocarril, carpintaría e ebanistaría.
- A cortiza posúe propiedades astrinxentes.
- A leña é moi boa e o carbón obtido dela ten unha elevada potencia calorífica.



Carballo

Castiñeiro

Nome científico: *Castanea sativa*

Nome castelán: Castaño

Características:


- Follas caedizas, simples, alternas, colocadas en dúas filas, lanceoladas, serradas e agudas no ápice.
- Cortiza de cor cincenta ou parda.
- Os froitos (castañas) agrúpanse en número de 1-3, nunha cúpula (ourizo) de ata 10 cm, primeiro verde e logo de cor parda, provista de espiñas punzantes. As sementes son comestibles e maduran entre setembro e novembro.
- Orixinaria de Asia Menor.

Hábitat:

- Habita en lugares frescos de bosques caducifolios, sobre solos lixeiros e profundos con substrato silíceo.

Aplicacións:

- Especie cultivada dende hai séculos polos seus froitos (castañas) e pola súa madeira, moi apreciada en ebanistería e carpintaría.
- As castañas foron durante moito tempo a base da alimentación galega ata a irrupción da pataca.
- Os ourizos son utilizados en moitos lugares de Galicia como cama para o gando.
- O uso medicinal é contra a disentería, a diarrea, as inflamacións da gorxa, a tose...



Ameneiro.

Nome científico: *Alnus glutinosa*

Nome castelán: Aliso

Características:


- Follas caedizas, simples, alternas, ovadas, redondeada, dobremente dentadas. Cando son novas son algo viscosas, de feito o “glutinosa” do nome científico refírese a esta característica das follas.
- Os froitos teñen o aspecto de pequenas piñas de forma ovoide. Cando novas son verdes e unha vez maduras son negras. Sempre están reunidas en grupos de dúas a cinco unidades.

Hábitat:

- Habita nas marxes dos ríos, fondos dos vales e lugares inundados.

Aplicacións:

- A leña utilízase para queimar nos fornos pois arde pronto e proporciona moita calor.
- A madeira ten utilidade para tornear e na fabricación de obxectos pequenos, sobre todo zocas.
- As follas utilízanse para curar os pés doridos, ou tamén para provocar que os bebés deixen de mamar.
- O cocemento da cortiza tense utilizado para aliviar as enfermidades da boca e da gorxa.



Ameneiro

Bidueiro

Nome científico: *Betula alba*

Nome castelán: Abedul

Características:

- A principal característica é que ten a cortiza branca.
- Follas caedizas, simples, alternas, pecioladas e romboidais ou ovadas. Ademais son irregularmente dentadas.
- O froito é un aquenio comprimido lateralmente.

Hábitat:


- Habita nas zonas húmidas dos bosques e, sobre todo, nas beiras dos cursos de auga.

Aplicacións:

- A súa madeira ten utilidade en ebanistaría, na fabricación de zocas, instrumentos de labranza e contrachapado.
- O zume, sangrado a finais do inverno e fermentado, produce o viño ou cervexa de bidueiro. Tamén este zume fermentado se ten empregado como remedio contra as inflamacións renais e para disolver os cálculos de ril.
- Chamóuselle “árbore da sabedoría” segundo algúns autores debido a que a súa casca era usada como pergamiño.



Bidueiro



Piñeiro bravo

Nome científico: *Pinus pinaster*

Nome castelán: Pino resinero

Características:


- O piñeiro do país ou piñeiro galego é orixinario da rexión Mediterránea, aínda que está tan amplamente naturalizado que caracteriza a paisaxe galega e é case considerada unha especie autóctona.
- As súas follas teñen forma de acícula, punzantes e ríxidas, dunha cor verde intensa. O seu froito é a piña, onde se agachan os piñóns, que serven de alimento a moitos animais.
- A cortiza é de cor parda escura, grosa e está dividida en fendas profundas.

Hábitat:

- Habita nos bosques puros e mixtos sempre que o solo sexa silíceo. Moi abundante en toda Galicia.

Aplicacións:

- A súa madeira emprégase para encofrar, fabricar embalaxes e elaborar taboleiros de aglomerado e obter pasta de celulosa.



Salgueiro.

Nome científico: *Salix atrocinerea*

Nome castelán: Sauce

Características:


- Follas caedizas, simples, alternas, lanceoladas, pasando por elípticas.
- Floración precoz: entre xaneiro e abril.
- O froito é unha cápsula de 7 mm ovado-cónica.

Hábitat:

- Habita nas ribeiras dos cursos de auga, prados húmidos e incluso outros lugares máis secos como sebes e bosques.

Aplicacións:

- Desempeña un importante papel como fixador das ribeiras dos ríos.
- En moitos lugares é unha árbore fundamental para a produción de mel.
- A cortiza é rica en salicilina, compoñente fundamental das “aspirinas”.
- As ramas finas serven para facer cestas e cestos.





2.1 ORIENTACIONES PARA OS PROFESORES/ EDUCADORES

Estas actividades, enmarcadas no bloque de plantas e animais da área de Coñecemento do Medio, están orientadas basicamente ao coñecemento, aprecio e respecto polas árbores do noso entorno.

Os contidos xenerais que traballaremos no desenvolvemento das mesmas son os seguintes:

- Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.
- Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación das plantas, utilizando métodos e técnicas sinxelas ao alcance dos alumnos.
- Preparación de itinerarios e saídas para a observación das árbores do entorno, utilización de cadernos de campo e a elaboración de documentos que recollan as observacións.
- Utilización guiada de claves e guías de plantas para a clasificación e identificación de especies.

As tres actividades poden adaptarse a rangos de idade bastante amplos. De tódolos xeitos, a etapa máis indicada para a súa realización é a do segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria.

2.2 PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Obradoiro: Identificación de árbores

Obxectivos:

- Identificar e recoñecer as diferentes especies vexetais, sobre todo as arbóreas.
- Afondar nas características, morfoloxía, usos, aproveitamentos, etc. das árbores.

Contidos:

- Identificación de árbores: metodoloxía, claves, ...
- Características e morfoloxía das árbores.
- Usos e aproveitamentos.

Idades participantes:

- Esta é unha actividade que se pode realizar a partir dos dez anos, polo tanto idónea para o último ciclo de Educación Primaria e o primeiro de Educación Secundaria, aínda que pode levarse a cabo con nenos e nenas máis pequenos.

Material necesario:

Para o desenvolvemento desta actividade será necesario dispoñer de:

- Follas de árbores prensadas.
- Claves de identificación.(fichas: clave árbores)
- Fichas de traballo (ficha: identificación follas)
- Lapis e bolígrafos.
- Guías de árbores e plantas.

Desenvolvemento:

Para a realización desta actividade o ideal é saír ao campo para poder identificar as árbores directamente. No caso de non poder saír precísanse unha colección de follas xa prensadas para que poidan manipular as rapazas e rapaces.

Diante de cada árbore, ou das súas follas, debemos utilizar a clave de identificación. Iremos descartando especies ata achegarnos á árbore correcta. (En páxinas anteriores dispoñedes dunha clave de identificación de árbores).

Unha vez que xa manexamos correctamente a clave podemos pasar a utilizar as guías e as súas claves.




Deste xeito, despois de traballar coas claves, guías e outros materiais as nenas e nenos coñecerán as características moitas especies, ademais de aprender o máis importante, identificar as árbores.

Identificación de follas



- | | |
|--------------------------------|------------|
| 1 Linear | 6 Alternas |
| 2 Acicular | 7 Lobulada |
| 3 Escamiforme | 9 Enteira |
| 4 Compostas de varios folíolos | 8 Serrada |
| 5 Opostas | 10 Dentada |

Identificación de árbores



Colección de follas (sustentable).

Obxectivos:

- Identificar e recoñecer as diferentes especies vexetais, sobre todo as arbóreas.
- Afondar nas características, morfoloxía, usos, aproveitamentos, etc. das árbores.
- Respectar os ecosistemas, e os bosques en particular.

Contidos:

- Identificación de árbores
- Morfoloxía das follas.
- Conservación das follas.

Idades participantes:

- Esta é unha actividade na que, adaptando contidos e obxectivos, pódese realizar a partir dos seis anos.

Material necesario:

Para o desenvolvemento desta actividade será necesario dispoñer de:

- Fichas de traballo (ficha colección de follas)
- Folios.
- Xornais Vello.
- Cinta adhesiva transparente.
- Pegamento de barra.
- Tesoiras.
- Lapis e bolígrafos.
- Guías de árbores e plantas.
- Algo que pese (por exemplo libros).
- ...

Desenvolvemento:

O primeiro paso é facer unha saída ó bosque, para recoller as follas que formarán parte da nosa colección.

Debemos coller sempre as follas que atopemos polo chan, ou no caso de coller algunha folla da árbore deben ser moi poucas. O motivo desta recomendación é ocasionar o mínimo impacto ambiental posible.

Xa neste momento de recollida de follas se pode traballar na identificación de árbores, estudar as súas características, ...

Unha vez recollidas as follas debemos limpalas, secalas e prensalas. Pode facerse entre follas de xornal e cun peso enriba.

Deixarémolas durante uns días co peso enriba e despois xa estarán listas para formar parte da colección.

O seguinte paso é incluír cada folla nunha ficha de información. Primeiro colocamos a folla e logo debemos buscar todo tipo de información relacionada con esa árbore para poder completar a ficha.

Para a procura da información pódese recorrer a guías de árbores, libros, internet, ...

A actividade pode levarse a cabo en pequenos grupos. Cada un pode facer a ficha de unha ou de varias especies.

Finalmente facemos un posta en común con toda a información recollida.



Ruta pola natureza.

Colección de follas

Ficha número: _____

Nome galego: _____

Nome castelán: _____

Recollida en: _____ Data: _____

Recollida por: _____

FOLLA:

Descrición da folla: _____

Información sobre a árbore:



Obradoiro: Xogando coas árbores.

Obxectivos:

- Descubrir as características, morfoloxía, usos, aproveitamentos... das árbores.

Contidos:

- Características, morfoloxía, usos e aproveitamentos das follas e árbores.

Idades participantes:

- As actividades expostas a continuación son propias para rapazas e rapaces cunha idade entre os 6 e 10 anos, polo cal se pode levar a cabo en calquera curso dentro da etapa de Educación Primaria.

Material necesario:

Para o desenvolvemento desta actividade será necesario dispoñer de:

- Folios.
- Lapis e ceras de cores
- Guías de plantas, árbores, flores, ...

Desenvolvemento:

Esta actividade consiste en realizar diferentes experimentos ou probas coas árbores:

A) Calculamos a altura de diferentes exemplares:

Pídelle a un compañeiro que se poña ao pé da árbore coa espalda arrimada ao tronco. Séparate del ata que podas ver a árbore completa. Estira o teu brazo e dobra a muñeca. Os dedos deben estar unidos e extendidos. Acércate e alónxate ata que os teus dedos cubran completamente a altura do teu compañeiro.

Agora comproba cantas veces fai falla a túa man para chegar á parte máis alta da árbore e por último, multiplica a altura do teu compañeiro polo “número de mans” que necesitaches.

Deste xeito saberás canto mide aproximadamente a túa árbore.

Se estás ti só, en vez dun compañeiro podes utilizar como referencia un pao ou calquera obxecto de altura coñecida.

Podes repetir a experiencia con calquera árbore.

B) Copias exactas. As follas:

Necesitarás follas de papel en branco ou o teu propio caderno de campo. Tamén lápices de varias cores. As follas caídas dunha árbore poden servir para facer esta actividade.

Coloca a folla (cós nervios cara arriba) nun soporte ríxido. Pon por riba a folla en branco.

Pasa o lapis (mellor de forma inclinada) por enriba do papel ata que se marquen nel tódolos detalles da folla.

Deste xeito tan sinxelo xa tés unha boa copia da folla. Outra opción é colorear con tempera o enves da folla e despois darlle a volta e colocala sobre unha folla de papel en branco.

Se sabes a que árbore pertence a folla, pon o seu nome ao lado do calco. Podes anotar máis datos, como o lugar e a data de recollida, a cor...

Se non estás seguro do nome da árbore é un bó momento para utilizar a clave de identificación ou consultar unha guía de árbores.



calco de follas

